

REPRODUCCIÓN DO CONTIDO EXACTO DO DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN MESA COORDINACIÓN PARA A MELLORA NA ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMARCA DE LEMOS

MESA DE TRABALLO DOS/AS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NOS DISTINTOS ÁMBITOS DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS.

1.- XUSTIFICACIÓN

A administración local, en canto é a instancia mais próxima á cidadanía, configúrase como espazo privilexiado para a intervención con mulleres vítimas de violencia. Así mesmo, neste ámbito a coordinación supón un aspecto esencial da intervención, posto que se partimos dunha intervención global e integral, esta só é posible coa estreita colaboración entre profesionais, facilitando deste xeito unha atención eficaz, inmediata e que cubra a totalidade da rede de atención a persoas que sofren esta problemática.

A través da constitución da **Mesa de coordinación para a mellora da atención a vítimas de violencia de xénero**, pretendemos garantir, fomentar e implementar accións e fórmulas preventivas xunto a unha atención de calidade para as vítimas. Trátase, en definitiva, de organizar a resposta ou solución que se presta ante unha situación identificada como violencia de xénero.

Esta Mesa será o pilar, sobre a que, a partires duns mínimos, se traballe de maneira continua a prol da consecución do avance na protección, atención, prevención, sensibilización e intervención na complicada problemática da violencia de xénero.

2.- COMPOSICIÓN DA MESA

A Mesa dependerá da Concellería de Igualdade do Concello de Monforte de Lemos e estará integrada por representantes dos seguintes ámbitos:

- **Concellería de Igualdade e Benestar do Concello de Monforte de Lemos.**
- **Persoal Técnico** das diferentes áreas dos **Concellos da Comarca**:
 - Servizos Sociais.
 - Centro de Información á Muller.
 - Unidade Preventivo Asistencial de Drogodependencias.
- **Persoal da sanidade pública**:
 - Atención Primaria:
 - ✓ Persoal médico de atención primaria.
 - ✓ Persoal enfermería de atención primaria.
 - ✓ Traballadora Social.

- Hospital Comarcal:
 - ✓ Persoal do Servizo de Urxencias.
 - ✓ Traballadora Social.
- Unidade de Saúde Mental.
- Centro de Orientación Familiar (COF).
- **Unidade contra a violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno de Lugo.**
 - Xefa de Unidade contra a violencia sobre a Muller.
- **Corpos e Forzas de Seguridade do Estado:**
 - Inspector Xefe da Comisaria de Policía Nacional de Monforte de Lemos.
 - Membro policial da U.P.A.P.
 - Sarxentos da Garda Civil dos Concellos da Comarca.
 - Sarxento da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos.
- **Administración de Xustiza:**
 - Xuíz titular do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución Nº1 de Monforte de Lemos.
 - Ministerio Fiscal.
- **Colexio de Avogados de Lugo.**
 - A delegada do Colexio Provincial de Avogados de Lugo en Monforte de Lemos.
- **Centros Educativos:**
 - Directores/as e Orientadores/as escolares dos Centros de Educación Primaria e Secundaria da Comarca (pendente de confirmar).

A mesa quedará aberta a outras institucións que pola súa implicación no tema sexa conveniente incluílas.

3.- OBXECTIVOS DA MESA

3.1.- OBXECTIVO XERAL:

- Mellorar a atención integral que precisa a problemática da violencia contra as mulleres.

3.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer a coordinación entre os distintos ámbitos de actuación desenvolvendo e unificando criterios comúns de atención ás usuarias.
- Garantir que desde os servizos sociais, servizos sanitarios, educativos, policiais, xudiciais e xurídicos se evite a revitimización das mulleres vítimas de violencia de xénero facilitando ás e os profesionais as ferramentas necesarias para desenvolver dun xeito adecuado a súa intervención e incrementar o nivel de confianza das vítimas no sistema.

- Optimizar e axilizar todos os recursos existentes para evitar duplicidades, intercambiando información e prestándose colaboración cando se demande.
- Promover a adopción de medidas orientadas á prevención da violencia de xénero.
- Potenciar a formación continua e permanente do persoal que intervén na atención a vítimas de violencia.

4.- FUNCÍONS DA MESA

1. Analizar a incidencia da violencia de xénero na nosa comarca.
2. Definición de mecanismos eficientes de coordinación, detectando as deficiencias existentes na atención ás vítimas de violencia e aportando as posibles solucións.
3. Avaliar a efectividade das intervencións, dotando ás e ós profesionais dos diferentes ámbitos de intervención dos coñecementos e instrumentos necesarios para posibilitar a detección e avaliación da situación de violencia.
4. Aprobar propostas ou suxestións.
5. Realizar o seguimento dos acordos adoptados.

5.- FUNCIONAMENTO DA MESA

As reunións da Mesa serán convocadas pola Concellería de Igualdade e Benestar, do Concello de Monforte cunha periodicidade trimestral, levantándose acta dos acordos adoptados.

Tamén se poderá reunir a Mesa de forma extraordinaria sempre que o solicite calquera das institucións ou organismos representados, mediante convocatoria da Concellería de Igualdade e Benestar.

A coordinación da Mesa recaerá no persoal técnico do Centro de Información á Muller.

Monforte de Lemos a 18 de novembro de 2009.